

(Escribir a dos espacios)

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Organismo:DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no-Diario Oficial de Galicia-)	

SUMARIO

ORDE do 30 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para investimentos en reforestación con especies de frondosas e/ou coníferas, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da Política Agrícola Común de España para o período 2023-2027, e se convoca para o ano 2026 (Código de procedemento MR605D)

TEXTO:

(Escribir a dous espacios)

O Regulamento (UE) 2021/2115, do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común (plans estratéxicos da PAC), financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e polo que se derogan os Regulamentos (UE) nº 1305/2013 e (UE) nº 1307/2013, establece o marco das axudas comunitarias ao desenvolvemento rural.

O Plan Estratéxico da Política Agrícola Común de España para o período 2023- 2027, aprobado por Decisión de Execución da Comisión Europea C(2022) 6017 final, do 31 de agosto de 2022, e modificado pola Decisión de execución da Comisión Europea C(2025) 5713 final, do 14 de agosto de 2025, recolle no seu apartado 5.3, Intervencións sobre o desenvolvemento rural, a intervención 6883 «investimentos forestais produtivos», que contribúen á consecución dos seguintes obxectivos específicos, recollidos no artigo 6 do Regulamento (UE) 2021/2115:

– Contribuír á adaptación ao cambio climático e á súa mitigación, tamén mediante a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro e mellorando a captura de carbono, así como promover a enerxía sustentable.



(Escribir a dos espacios)

- Promover o desenvolvemento sustentable e a xestión eficiente dos recursos naturais como a auga, o chan e o aire, incluíndo a redución da dependencia química.
- Contribuír a deter e reverter a perda de biodiversidade, potenciar os servizos relacionados cos ecosistemas e conservar os hábitats e as paisaxes.

As actuacións que se propoñen no marco destas intervencións pretende fomentar a xestión forestal sostible, incrementando a multifuncionalidade dos bosques, a súa protección e a súa restauración para lograr o bo estado dos hábitats e das especies relacionados con eles co fin de mellorar os servizos ecolóxicos e a biodiversidade e, dese modo, crear resiliencia ante os efectos do cambio climático nos bosques e sistemas agroforestais.

Ademais, os investimentos forestais produtivos contribúen a crear oportunidades de emprego e actividade económica nas zonas rurais, de acordo coa recomendación da Comisión de "reforzar o tecido socioeconómico nas zonas rurais".

Esta iniciativa está aliñadas coa primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 (en adiante 1º revisión do PFG), Cara á neutralidade carbónica, aprobado polo Decreto 140/2021, do 30 de setembro, que se estrutura en distintos eixes estratéxicos de intervención para o deseño e execución da política forestal galega.

As actuacións da subintervención 6883_01- Silvicultura produtiva de frondosas- encaixa na medida IV 2.3 "Programa de fomento da produción de madeira de frondosas de alto valor" da 1ª revisión do PFG 2021-2040, que ten por obxecto incentivar actuacións de repoboacións forestais de masas de frondosas de alto valor para favorecer o crecemento de masas e a obtención de madeira de calidade para poñer a disposición dos mercados. No marco da 1ª revisión do PFG 2021-2024 planificouse a Estratexia para o fomento da xestión activa das masas de frondosas que desenvolve eixes de actuación a acadar entre os anos 2024-2040, estando a subintervención 6883_01 encadrada no eixe 3 (fomento de xestión activa e da conservación dos montes de frondosas) e eixo 4 (dinamización dos aproveitamentos forestais).

As actuacións da subintervención 6883_02- Silvicultura produtiva de coníferas- encaixa na medida IV 2.1 "Programa de fomento e valorización de masas de coníferas" da 1ª revisión do PFG 2021-2040, que promove a reforestación con coníferas de alto valor produtivo e ecolóxico, favorecendo a diversificación das masas forestais e a mellora da resiliencia fronte ao cambio



(Escribir a dos espacios)

climático. Esta acción busca garantir un subministro sostible de madeira, reduciendo a dependencia de especies de crecemento rápido e potenciando a biodiversidade.

Ambas subintervencións (6883_01 e 6883_02) contribúen ao cumprimento dos obxectivos da medida I.1.3 do Plan Forestal de Galicia 2021-2040, "Programa de actuacións e iniciativas que contribúan a controlar a superficie dedicada a eucalipto". Neste marco, estas axudas fomentan a substitución ou transformación de masas existentes de eucalipto por plantacións de especies frondosas ou coníferas, con especial atención ás de maior valor ecolóxico e produtivo. Esta medida permite avanzar cara a un modelo de xestión forestal máis sostible, que contribúe á diversificación do monte, á mellora da calidade da madeira obtida, á protección da biodiversidade e á redución do risco de incendios, xerando ao tempo novas oportunidades económicas no rural vinculadas á produción de madeira de maior valor engadido.

As axudas da Intervención 6883 – investimentos forestais produtivas- ampáranse nos artigos 49 e 50 Regulamento (UE) 2022/2472, da Comisión, do 14 de decembro de 2022, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (DOUE L 327/1, 21.12.2022), e foron comunicadas polo Estado á Comisión Europea co número de axuda SA.109374.

De acordo co artigo 4 da Lei 30/2022, do 23 de decembro, pola que se regulan o sistema de xestión da Política Agrícola Común e outras materias conexas, en relación co artigo 14, apartados 2 e 3, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a tramitación electrónica será obrigatoria para todas as persoas solicitantes en todas as fases do procedemento. A experiencia demostrada na xestión destas axudas acadada pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal nos últimos anos acredita que os destinatarios destas axudas, aínda sendo nalgúns casos persoas físicas, son un colectivo que ten acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios para relacionarse electronicamente coa Administración.

Para a xestión e xustificación das axudas concedidas ao abeiro de esta orde emprégase a Opción de Custos Simplificados, método que permite simplificar o proceso administrativo asociado á xustificación dos gastos realizados polas persoas beneficiarias dos fondos. Este enfoque busca reducir a carga administrativa tanto para as persoas beneficiarias como para as autoridades de xestión e control, facilitando a execución e verificación dos proxectos subvencionados. Ademais,



(Escribir a dos espacios)

permite o acceso de pequenos beneficiarios aos fondos europeos gracias a simplificación dos procesos de xestión.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das facultades que confiren os artigos 7 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa concorrente,

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras das axudas para investimentos en reforestación con especies de frondosas e/ou coníferas, que se concederán en réxime de concorrencia competitiva, e convocar estas axudas para o ano 2026 (código de procedemento MR605D).

2. No marco desta orde inclúense as axudas previstas na Intervención 6883 – Investimentos forestais produtivos – recollida no Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027 (PEPAC), cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), a través das seguintes subintervencións:

- a) Subintervención 6883_01 – Investimentos forestais produtivos_1, destinada a financiar actuacións de reforestación produtiva con especies de frondosas (LIÑA II e LIÑA III).
- b) Subintervención 6883_02 – Investimentos forestais produtivos_2, destinada a financiar actuacións de reforestación produtiva con especies de coníferas (LIÑA I).

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. Esta orde será de aplicación ós terreos situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia que fosen obxecto dun aproveitamento madeireiro realizado de acordo co disposto no Decreto 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia ou terreos conveniados coa administración forestal que fosen obxecto de un aproveitamento madeireiro; sempre que a correspondente



(Escribir a dos espacios)

corta se tivese realizado dentro dos prazos que se establecen a continuación:

a) Para os aproveitamentos madeireiros realizados en terreos forestais que contén un convenio coa administración forestal, considerarase elixible, para os efectos da presente orde, aquela superficie que dispoña da correspondente acta de entrega da corta emitida pola administración forestal no ano 2022, incluído, ou en anos posteriores, establecéndose como data límite a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de axuda.

b) Para o resto de aproveitamentos madeireiros (salvo superficie consorciada), considerarase elixible aquela superficie cuxo período calculado segundo os puntos seguintes remate antes da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de axudas establecido nesta convocatoria. O período calcularase do seguinte xeito:

1. Declaración responsable: O período resultará de sumar tres anos ao derradeiro día do prazo de execución do aproveitamento madeireiro, entendendo este como un ano contado desde a data de presentación da declaración responsable ou, de ser o caso, desde a data de remate da ampliación de prazo expresamente autorizada.

2. Autorización administrativa: O período resultará de sumar tres anos ao derradeiro día do prazo de execución do aproveitamento madeireiro, entendendo este como un ano contado desde a data de resolución de autorización ou, de ser o caso, desde a data de remate da ampliación de prazo expresamente autorizada.

2. Quedan excluídos os seguintes supostos:

- a) Os bosques ou outras superficies forestais que sexan propiedade da Administración central ou autonómica.
- b) Os bosques que pertencen a empresas públicas.
- c) Os bosques propiedade de persoas xurídicas, cando polo menos o 50 % do seu capital pertenza a algunha das institucións anteriormente citadas.
- d) As superficies que tivesen algún compromiso de mantemento e/ou conservación de ordes de axuda anteriores e as súas accións foran obrigadas para o cumprimento de ditos compromisos.

Non obstante, cómpre clarificar a situación das superficies cuxos compromisos, derivados de axudas á forestación concedidas con anterioridade, estaban vinculados á quenda da especie ou, ou, ao menos, 20 anos.

Considérase cumprido o compromiso de mantemento destas superficies forestadas cando a masa fose aproveitada conforme a criterios técnicos, biolóxicos ou económicos



(Escribir a dos espacios)

que xustifiquen a súa quenda de corta, considerándose, deste modo, que se cumpriu a finalidade da subvención orixinal.

- e) Os terreos cun proceso iniciado de expropiación forzosa.
- f) Os terreos que dentro da Rede Natura 2000 teñan hábitats prioritarios establecidos na Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.
- g) Os terreos que quedan encravados no perímetro dunha Agrupación Forestal de Xestión Conxunta inscritas no correspondente rexistro e que non forman parte dela.

3. Non obstante o establecido no apartado anterior en relación cos montes propiedade do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, a axuda poderá ser concedida se o órgano que xestiona esas terras é un organismo privado.

4. Os montes consorciados coa Administración, na data que remate do prazo de solicitude da axuda, non poderán solicitar as axudas dentro da superficie consorciada agás que teñan solicitado a rescisión dos devanditos consorcios na data de remate do prazo para a presentación da solicitudes da axuda.

Artigo 3. Persoas beneficiarias

1. Serán persoas beneficiarias as persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos obxecto de axuda, entendendo por titulares tanto propietarios como arrendatarios ou xestores.

2. Non poderán ser persoas beneficiarias as empresas en crise ou as que teñan unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado interior.

3. As persoas beneficiarias deben cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incursas en ningunha clase de inhabilitación de axudas previstas no seu artigo 10. Ademais, non deben estar incursas en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. As comunidades de montes veciñais en man común (en adiante CMVMC) para poder acceder a estas axudas deberán estar legalmente constituídas e regulamentariamente inscritas no Rexistro Provincial de CMVMC, de acordo co disposto no artigo 57 do Decreto 260/1992, do 4 de



(Escribir a dos espacios)

setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e cumprir co disposto no artigo 125 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e no Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, polo que se regula o reinvestimento dos ingresos obtidos polas CMVMC en actuacións de mellora e protección forestal como moi tarde o día en que remate o prazo de solicitude da axuda.

5. Os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo deben cumprir co estipulado no artigo 126 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e no Decreto 16/2024, de 18 de xaneiro, polo que se regula o réxime xurídico e o rexistro de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo.

6. Silvicultor/a activo/a deberá estar inscrito no rexistro correspondente segundo o establecido na Orde do 26 de abril de 2022 pola que se desenvolve a tramitación electrónica das solicitudes para o recoñecemento como agrupación forestal de xestión conxunta e como persoa silvicultora activa (código de procedemento MR608C). Con todo, de conformidade coa excepción prevista no artigo 4, poderán ser persoas beneficiarias aquelas que teñan presentada a solicitude de inscrición dentro do prazo de presentación das solicitudes de axuda, sempre que figuren inscritas antes do pagamento da axuda.

7. As agrupacións forestais de xestión conxunta deberán ter a inscrición no rexistro correspondente segundo o establecido na Orde do 26 de abril de 2022 pola que se desenvolve a tramitación electrónica das solicitudes para o recoñecemento como agrupación forestal de xestión conxunta (código de procedemento MR608B) e como persoa silvicultora activa. Con todo, de conformidade coa excepción prevista no artigo 4, poderán ser persoas beneficiarias aquelas que teñan presentada a solicitude de inscrición dentro do prazo de presentación das solicitudes de axuda, sempre que figuren inscritas antes do pagamento da axuda.

Artigo 4. Intensidade e compatibilidade da axuda

1. A intensidade da axuda será do 65% do investimento total subvencionable, segundo o valor do módulo solicitado -"Módulos de reforestación produtiva de coníferas", "Módulo de xestión da rexeneración natural tras corta de masas de coníferas", "Módulos de reforestación produtiva de frondosas (excepto chopo)" ou do "Módulo de reforestación produtiva de chopo"-, cando a persoa beneficiaria se corresponda con algunha das seguintes figuras e cumpra as condicións establecidas:



(Escribir a dos espacios)

- a) A persoa beneficiaria sexa unha Agrupación Forestal de Xestión Conxunta (AFXC) que estean inscritas no correspondente rexistro antes de que finalice o prazo de presentación das solicitudes de axuda, así como aquelas que teñan presentada a solicitude de inscrición dentro dese mesmo prazo. Neste segundo caso, deberán figurar inscritas no devandito rexistro antes do pagamento da axuda.
- b) A persoa beneficiaria sexa unha persoa silvicultora activa que estean inscritas no correspondente Rexistro de Silvicultor/a Activo/a antes de que finalice o prazo de presentación das solicitudes de axuda, así como aquelas que teñan presentada a solicitude de inscrición dentro dese mesmo prazo. Neste segundo caso, deberán figurar inscritas no devandito rexistro antes do pagamento da axuda correspondente.

2. A intensidade da axuda será do 65% do investimento total subvencionable, segundo o valor do módulo solicitado -"Módulos de reforestación produtiva de coníferas", "Módulo de xestión da rexeneración natural tras corta de masas de coníferas", "Módulos de reforestación produtiva de frondosas (excepto chopo)" ou do "Módulo de reforestación produtiva de chopo"-, cando se dea algún dos seguintes supostos:

- a) Que os terreos obxecto de subvención sexan repoboados con formacións de *Pinus pinaster*, *Pinus sylvestris* ou *Pinus radiata*.
- b) Que os terreos obxecto de subvención teñan superficie inscrita no Rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas
- c) Que os terreos obxecto de subvención sexan repoboados con especies de frondosas que se recollen no Anexo I da Ley 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia.

3. A intensidade da axuda será do 50% do investimento total subvencionable segundo o valor do módulo solicitado ("Módulos de reforestación produtiva de coníferas", "Módulo de xestión da rexeneración natural tras corta de masas de coníferas", "Módulos de reforestación produtiva de frondosas (excepto chopo)" ou do "Módulo de reforestación produtiva de chopo") nos resto dos casos.

4. A concesión da axuda será incompatible coa concesión de outras subvencións para o mesmo obxecto (reforestación tras corta) e superficie.

5. Tanto na solicitude da axuda como na solicitude de pagamento, a persoa beneficiaria deberá indicar o detalle doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, con indicación do importe e da súa procedencia.



6. O IVE non é subvencionable.

Artigo 5. Actuacións obxecto de axuda para a liña I (subintervención 6883_02- Investimentos forestais produtivos_2, que financia actuacións de reforestación produtiva de coníferas)

Para a Liña I (subintervención 6883_02- Investimentos forestais produtivos_2, que financia actuacións de reforestación produtiva de coníferas) as condicións de subvencionalidade son as seguintes:

1. Serán subvencionables as actuacións a realizar en terreos que fosen obxecto dun aproveitamento madeireiro de coníferas ou eucalipto, conforme ao disposto no Decreto 73/2020, do 24 de abril, ou en terreos conveniados coa administración forestal que fosen obxecto de un aproveitamento madeireiro de coníferas ou eucalipto, sempre que dito aproveitamento se efectuase dentro do prazo establecido no artigo 2 e que a posterior reforestación se realice con especies de coníferas recollidas no Anexo VIII.

Así mesmo, será subvencionables as actuación a realizar en superficies previamente ocupadas por acacia negra (*Acacia melanoxylon*), mimosa (*Acacia dealbata*) e/ou falsa acacia (*Robinia pseudoacacia*) que foron obxecto de eliminación e que a posterior reforestación se realice con especies de coníferas recollidas no Anexo VIII.

2. Na liña I de reforestación produtiva de coníferas, a persoa solicitante poderá optar, en función da finalidade e/ou da densidade de plantación, por un dos seguintes módulos:

Tipo de módulo	Código	Descrición
Reforestación produtiva de coníferas	LI-A	Plantacións de coníferas cunha densidade igual ou superior a 1.300 pés/ha
	LI-B	Plantacións de coníferas cunha densidade igual ou superior a 1.000 pés/ha e inferior a 1.300 pés/ha
	LI-C	Plantacións de coníferas cunha densidade igual ou superior a 850 pés/ha e inferior a 1.000 pés/ha
Xestión do rexenerado natural tras corta de coníferas	LI-D	Xestión da rexeneración natural tras corta de masas de coníferas, mantendo unha densidade final entre 1.000–1.400 pés/ha

3. A persoa solicitante que se acolla a algún dos "Módulos de reforestación produtiva de



(Escribir a dos espacios)

coníferas" deberá executar, no terreo obxecto da axuda, as actuacións que integran o módulo correspondente, que son as seguintes:

- a) Roza
- b) Preparación do terreo
- c) Plantación
- d) Redacción do proxecto de reforestación
- e) Dirección de obra
- f) Coidados

4. A persoa solicitante que se acolla ó "Módulo de xestión do rexenerado natural tras corta de coníferas" deberá executar, no terreo obxecto da axuda, as actuacións que integran o módulo e que son as seguintes:

- a) Roza por faixas sistemático
- b) Roza e desmesta selectiva
- c) Redacción do proxecto de tratamento silvícola
- d) Dirección de obra
- e) Coidados

Artigo 6. Actuacións obxecto de axuda para a liña II (subintervención 6883_01- Investimentos forestais produtivos_1, que financia actuacións de reforestación produtiva de frondosas, agás chopo)

Para a Liña II (subintervención 6883_01- Investimentos forestais produtivos_1, que financia actuacións de reforestación produtiva de frondosas, (agás chopo) as condicións de subvencionalidade son as seguintes:

1. Serán subvencionables as actuacións realizadas en terreos que fosen obxecto dun aproveitamento madeireiro de frondosas (agás chopo), ou coníferas ou eucalipto, conforme ao disposto no Decreto 73/2020, do 24 de abril, ou en terreos conveniados coa administración forestal que fosen obxecto de un aproveitamento madeireiro de frondosas (agás chopo), ou coníferas ou eucalipto, sempre que dito aproveitamento se efectuase dentro do prazo establecido no artigo 2 e que a reforestación posterior se realice con especies de frondosas ou con combinacións mixtas (de frondosas e coníferas) das recollidas no Anexo VIII.



(Escribir a dos espacios)

Así mesmo, serán subvencionables as actuacións a realizar en superficies previamente ocupadas por acacia negra (*Acacia melanoxylon*), mimosa (*Acacia dealbata*) e/ou falsa acacia (*Robinia pseudoacacia*) que foron obxecto de eliminación e que a posterior reforestación se realice con especies de frondosas recollidas no Anexo VIII.

3. No terreo obxecto de axuda deberase executar as actuacións dos "Módulos de reforestación produtiva de frondosas" solicitado, que son as seguintes:

- a) Roza
- b) Preparación do terreo
- c) Plantación
- d) Redacción do proxecto de reforestación
- e) Dirección de obra

3. Para a liña II de reforestación produtiva de frondosas a persoa solicitante pode optar, segundo a densidade de plantación e especie, por un dos seguintes "Módulo de reforestación produtiva de frondosas":

Tipo de módulo	Código	Descrición
Reforestación produtiva de frondosas	LII-A	Plantacións de frondosas cunha densidade igual ou superior a 1.000 pés/ha
	LII-B	Plantacións de frondosas cunha densidade igual ou superior a 50 pés/ha e inferior ou igual a 150 pés/ha
	LII-C	Plantacións mixtas de frondosas e coníferas cunha densidade igual ou superior a 1.000 pés/ha, mantendo unha proporción do 60% de frondosas e do 40% de coníferas. A disposición dos pés será mixta íntima, é dicir, mesturados seguindo criterios técnicos en toda a superficie de reforestación, evitando compartimentos diferenciados por especie.

Artigo 7. Actuacións obxecto de axuda para a liña III (subintervención 6883_01- *Investimentos forestais produtivos_1, que financia actuacións de reforestación produtiva de chopo*)

Para a Liña III (subintervención 6883_01- *Investimentos forestais produtivos_1, que financia actuacións de reforestación produtiva de chopo*) as condicións de subvencionalidade son as seguintes:



(Escribir a dos espacios)

1. Serán subvencionables as actuacións realizadas en terreos que fosen obxecto dun aproveitamento madeireiro de chopo ou eucalipto, conforme ao disposto no Decreto 73/2020, do 24 de abril, ou en terreos conveniados coa administración forestal que fosen obxecto de un aproveitamento madeireiro de chopo ou eucalipto, sempre que este se efectuase dentro do prazo establecido no artigo 2 e que a reforestación posterior se realice con chopo.

Así mesmo, serán subvencionables as actuación a realizar en superficies previamente ocupadas por acacia negra (*Acacia melanoxylon*), mimosa (*Acacia dealbata*) e/ou falsa acacia (*Robinia pseudoacacia*) que foron obxecto de eliminación e que a posterior reforestación se realice coa especie de chopo recollida no Anexo VIII.

2. No terreo obxecto de axuda deberase executar as actuacións do "Módulo de reforestación produtiva de chopo", que son as seguintes:

- a) Roza
- b) Preparación do terreo
- c) Plantación
- d) Redacción do proxecto de reforestación
- e) Dirección de obra
- f) Coidados (fertilización)

3. As actuacións da liña III - reforestación produtiva de chopo- encádranse no "Módulo de reforestación produtiva de chopo" aplicable a plantacións con densidade igual ou maior a 250 pés por hectárea e menor ou igual a 300 pés por hectárea.

Artigo 8. *Condicións técnicas específicas e xerais*

1. As actuacións dos "módulos de reforestación de coníferas", dos "módulos de reforestación de frondosas", do "módulo de xestión do rexenerado natural tras corta de coníferas" e do "módulo de reforestación de chopo" deberán realizarse de acordo coas condicións e requisitos técnicos establecidos no Anexo IX, así como coas características do material forestal de reprodución recollidas no anexo X.

2. Nos terreos obxecto de solicitude de axuda deberase cumprir, en todo caso, o disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e



(Escribir a dos espacios)

defensa contra os incendios forestais de Galicia, os artigos 12 número 1.e), 15 números 2 ao 8 e 17 do Decreto 105/2006, do 22 de xuño, que regula as medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais, na Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal e na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

3. No caso de existiren valores singulares de tipo xeolóxico, edáfico, botánico, faunístico, histórico e paisaxístico a persoa beneficiaria debe proceder segundo a lexislación sectorial aplicable.

4. Os terreos obxecto de subvención, antes do remate do prazo de presentación da solicitude da axuda convocada, deberán contar cun instrumento de ordenación ou xestión forestal inscrito no Rexistro de Montes Ordenados. Alternativamente poderán estar adheridos aos modelos silvícolas consonte ao establecido no Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia (procedemento MR627D) e na Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia así como na súa modificación mediante a Orde do 9 de febreiro de 2021 pola que se modifica o anexo I da antedita Orde.

5. En particular na liña III a superficie de actuación deberá contar con instrumento de ordenación ou xestión forestal inscrito no Rexistro de Montes Ordenados, ou deberán contar coa adhesión ao modelo silvícola PCA, establecido na Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia.

6. As actuacións deben cumprir coa normativa vixente que lles sexa de aplicación e contar cas perceptivas autorizacións administrativas no caso de que estas as requiran.

7. A planificación da plantación deberá axustarse ás distancias que exige a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e as súas modificacións, e que se concretan no artigo 68 e anexo II da lei e calquera outra recollida na lexislación sectorial.

8. A superficie reforestada deberá incluír unha área de defensa contra incendios forestais, agás que se xustifique tecnicamente a súa non execución. Dita área deberá realizarse de



(Escribir a dos espacios)

conformidade cos requisitos técnicos establecidos no Anexo IX, salvo xustificación técnica debidamente motivada.

Artigo 9. *Superficies mínimas e máximas para solicitar as axudas e superficies excluídas*

1. En xeral, as superficies mínimas e máximas son as seguintes:

a) A Superficie mínima de actuación por solicitude establécese en 1 hectárea, distribuída nun máximo de 3 coutos redondos; salvo para as Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta (AFXC), inscritas no correspondente rexistro ou con solicitude de inscrición presentada dentro do prazo establecido, para as que non se esixirá superficie mínima.

b) A superficie máxima de actuación por persoa solicitante establécese en 75 hectáreas, distribuídas en máximo cinco coutos redondos, salvo no caso das Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta (AFXC), inscritas no correspondente rexistro ou con solicitude de inscrición presentada dentro do prazo establecido, para as que non se establece limitación no número de coutos redondos.

2. Para a especie *Pinus taeda* L., a superficie máxima subvencionable por persoa solicitante será de 10 hectáreas cando o material forestal de reprodución proceda da rexión de procedencia PTA 311 Façade Atlantique (Fachada Atlántica Francesa). No caso de material procedente doutras rexións de procedencia, a superficie máxima subvencionable limitarase a 1 hectárea por cada rexión de procedencia, estando suxeita a autorización expresa previa.

3. En todos os casos a continuidade superficial do couto redondo non se verá interrompida pola existencia de barreiras naturais ou artificiais.

4. Superficies excluídas:

a) Excluíranse da superficie de actuación os encravados de extensión igual ou superior a 500 m², pistas, estradas, etc.

b) Superficies incluídas nun proceso concentración parcelaria en execución. Soamente poden ser aprobadas as axudas solicitadas en superficies en que o acordo de concentración parcelaria sexa firme antes do remate do prazo de solicitude da axuda convocada.

c) Superficies incluídas nun proceso iniciado de expropiación forzosa, non se poderán beneficiar destas axudas.



(Escribir a dos espacios)

d) No caso de existiren valores singulares de tipo xeolóxico, edáfico, botánico, faunístico, histórico e paisaxístico a persoa beneficiaria debe excluír da superficie de actuación a delimitación determinada na lexislación sectorial aplicable.

Artigo 10. *Compromisos*

1. As persoas beneficiarias das axudas comprométense expresamente ao cumprimento das condicións previstas nesta orde e demais normativa concorrente. A responsabilidade do bo fin da actuación será exigible a cada beneficiario segundo a lexislación aplicable en cada caso.

2. Compromisos de mantemento e conservación:

- a) A persoa beneficiaria de axudas comprométese a manter e conservar a masa de reforestación conforme as condicións de aprobación da axuda durante a quenda da especie, ou, polo menos 20 anos desde a data da solicitude de pagamento da axuda.
- b) A persoa beneficiaria de axudas comprométese nos cinco anos contados dende a data da solicitude de pagamento da axuda, a manter as condicións par obter a puntuación aplicada na concorrencia competitiva para a aprobación dos expedientes.
- c) A persoa beneficiaria comprométese á devolución do diñeiro percibido e dos seus xuros legais se o terreo obxecto de axuda é danado ou destruído por descoido, negligencia, cambio de uso ou falta de coidados silvícolas por parte da persoa solicitante.
- d) No caso de que a persoa beneficiaria sexa unha persoa xurídica todos os seus membros se comprometen a cumprir todos os compromisos e obrigas establecidos nesta orde, así como na demais normativa concorrente.

3. Se as superficies obxecto de axuda se transmitisen en todo ou en parte durante o período de compromiso, o novo titular deberá cumprir as condicións exixibles para a percepción da axuda que se lle outorgou e queda vinculado aos compromisos recollidos na orde de convocatoria, circunstancia que debe ser recollida no documento de transmisión.

4. Se a superficie obxecto de subvención fose afectada por un incendio forestal antes de executar as actuacións do módulo da axuda a persoa beneficiaria deberá comunicalo inmediatamente, ao Servizo de Montes da Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural que corresponda por razón de territorio, co obxecto de adecuar a memoria descritiva das actuacións á nova realidade física do terreo antes do inicio dos traballos.



(Escribir a dos espacios)

5. No caso de catástrofe biótica ou abiótica que conleve a destrución da totalidade ou de parte da masa forestal obxecto de axuda a persoa beneficiaria estará obrigada a comunicar os feitos e as circunstancias que a provocaron, no prazo máximo dun mes.

6. Nas superficies obxecto de axuda as persoas beneficiarias comprométense a cumprir co establecido no manual de boas prácticas na xestión forestal sustentable, aspecto que se verificará na comprobación final e o seu incumprimento pode dar lugar á revogación da axuda concedida.

7. Poderanse autorizar usos gandeiros complementarios, sempre que non resulten prexudiciais para a forestación, estean debidamente inscritos no rexistro correspondente e contén coa autorización previa do servizo provincial competente en materia de recursos forestais.

8. No caso de cesións do dereito de pagamento, o titular da conta bancaria debe coincidir co cesionario e comprométese a manter a conta aberta ata o final do proceso de xestión da axuda.

Artigo 11. *Criterios de selección*

1. Establecerase unha orde de prioridade segundo a seguinte prelación por liña, tendo en conta que a data de referencia á hora de computar os méritos será a correspondente ao derradeiro día de presentación de solicitudes. As solicitudes presentadas ordenaranse, para cada liña de axuda, de acordo cos criterios de prioridade indicados na seguinte epígrafe, e aprobaranse os expedientes de maior a menor puntuación ata esgotar o orzamento dispoñible:

- a) Persoa solicitante sexa unha Comunidade de monte veciñal en man común (MVMC) inscrito no rexistro correspondente: 30 puntos
- b) Persoa solicitante sexa un Monte de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo rexistrado no rexistro correspondente: 25 puntos
- c) Persoa solicitante sexa unha Sociedade de Fomento Forestal (SOFOR) rexistrada no rexistro correspondente: 25 puntos
- d) Persoa solicitante sexa unha Agrupación forestal de xestión conxunta rexistrada no rexistro correspondente (salvo SOFOR): 20 puntos
- e) Por solicitude de propietario particular, Asociacións sen ánimo de lucro, Sociedades civís e comunidades de bens, Cooperativas e outras entidades de economía social, Sociedades agrarias de transformación, Sociedades mercantís reguladas na lexislación de sociedades de capital e calquera outra que teña por obxecto a recuperación, de forma conxunta, de terras forestais: 15



(Escribir a dos espacios)

puntos

f) MVMC con investimentos de máis dun 40 % dos seus ingresos no último exercicio fiscal pechado anterior á solicitude da axuda: 10 puntos

g) MVMC con investimentos dun 50 % a un 60 % dos seus ingresos no último exercicio fiscal pechado anterior á solicitude da axuda: 20 puntos

h) MVMC con investimentos de máis dun 60 % dos seus ingresos no último exercicio fiscal pechado anterior á solicitude da axuda: 30 puntos

i) Por cada membro do monte de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, da Agrupación forestal de xestión conxunta ou outras figuras de propiedade forestal colectiva: 1 punto (ata un máximo de 10 puntos).

j) A persoa solicitante sexa un silvicultor activo rexistrado no rexistro correspondente: 5 puntos

k) Actuacións a realizar en montes rexistrados no Rexistro de Montes Ordenados: 10 puntos

l) Montes con certificación forestal co sistema PEFC ou FSC: 20 puntos

m) Actuacións en masas de frondosas caducifolias, sobreiras e aciñeiras: 5 puntos por hectárea de actuación ata un máximo de 40 puntos.

n) Actuacións en superficies forestais nas que existan masas consolidadas de frondosas autóctonas inscritas en o rexistro correspondente: 5 puntos por hectárea de actuación ata un máximo de 40 puntos.

ñ) Superficie forestal en zonas con limitacións naturais ou limitacións específicas de acordo co artigo 71.2 do Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello do 2 de decembro de 2021 (en virtude do artigo 32.1 a) do Regulamento (UE) n.º 1305/2013): 10 puntos

o) Zonas de alto risco de incendio forestal (Orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal): 10 puntos

p) Actuación en zona clasificada como Rede Natura 2000: 10 puntos

q) Actuacións en terreos forestais que teñan superficie incluída en zonas demarcadas para implantar medidas de erradicación do organismo de corentena do nematodo do piñeiro (*Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhrer) Nickle et ao.): 40 puntos. As superficies incluídas son as seguintes:

- Na área demarcada establecida polo artigo 2 do Decreto 10/2011, do 28 de xaneiro, polo que se declara de utilidade pública a erradicación do organismo de corentena do nematodo do piñeiro *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhrer) Nickle et al., e se ordenan as medidas para evitar a súa propagación (DOG núm. 24, do 4 de febreiro),

- No anexo IV da Resolución do 28 de decembro de 2018, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se declara no territorio da Comunidade



(Escribir a dos espacios)

Autónoma de Galicia a presenza de cinco novos positivos do organismo de corentena *Bursaphelenchus xylophilus* e se ordena comezar as medidas para a súa erradicación (DOG núm. 8, do 11 de xaneiro de 2019),

- No punto 1.a) da Resolución do 6 de abril de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se dá publicidade ao inicio da execución de medidas fitosanitarias para a erradicación do organismo de corentena *Bursaphelenchus xylophilus* na zona demarcada das Neves e na franxa tampón de 20 quilómetros coa fronteira con Portugal (DOG núm. 76, do 20 de abril).

r) Por cada parcela para a que se solicita axuda que estean dadas de alta no Rexistro da Propiedade: 1 punto por cada parcela, hasta un máximo de 10 puntos.

2. A puntuación máxima será de 65 puntos, mentres que a mínima será de 15 puntos. En caso de empate, desempatarase polos seguintes criterios, segundo sexa o tipo de persoa beneficiaria e na orde que se establece:

a) Cando a persoa solicitante sexa propietario particular de forma individual priorizarase de acordo con os seguintes criterios:

1. Actuacións en terreos forestais que teñan superficie incluída en zonas demarcadas para implantar medidas de erradicación do organismo de corentena nematodo do piñeiro (*Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhrer) Nickle et ao.)
2. Actuacións en superficies forestais nas que existan masas consolidadas de frondosas autóctonas rexistradas no rexistro correspondente.
3. Actuacións a realizar en montes rexistrados no Rexistro de Montes Ordenados
4. Maior número de parcelas para as que se solicitou a axuda que estean dadas de alta no Rexistro da Propiedade.
5. Maior superficie de actuación.
6. Maior investimento nas actuacións.

b) Cando a persoa solicitante sexa unha persoa xurídica ou outras formas de propiedade forestal priorizarase segundo os seguintes criterios:

1. Actuacións en terreos forestais que teñan superficie incluída en zonas demarcadas para implantar medidas de erradicación do organismo de corentena nematodo do piñeiro (*Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhrer) Nickle et ao.)
2. Actuacións en superficies forestais nas que existan masas consolidadas de frondosas autóctonas rexistradas no rexistro correspondente.
3. Solicitudes que sumen un maior número de propietarios.
4. No caso de seguir empatados, por maior superficie de actuación.



(Escribir a dos espacios)

5. Maior investimento nas actuacións.

c) Cando o tipo de beneficiario sexa unha Comunidades de Montes Veciñais en Man Común priorizárase segundo os seguintes criterios:

1. Actuacións en terreos forestais que teñan superficie incluída en zonas demarcadas para implantar medidas de erradicación do organismo de corentena nematodo do piñeiro (*Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhrer) Nickle et ao.)
2. Actuacións en superficies forestais nas que existan masas consolidadas de frondosas autóctonas rexistradas no rexistro correspondente.
3. Actuacións a realizar en montes rexistrados no Rexistro de Montes Ordenados.
4. % de reinvestimento nas melloras do monte no último exercicio fiscal pechado anterior á solicitude da axuda.
5. Maior superficie de actuación.
6. Maior número de comuneiros.
7. No caso de seguir empatados, por maior superficie clasificada do monte.

Artigo 12. *Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible (anexo I) na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. A persoa solicitante fará constar na solicitude de axuda (anexo I) se a superficie de actuación comprende afección segundo a lexislación sectorial vixente en materias distintas da forestal (Rede Natura 2000, zonas de protección lateral do Camiño de Santiago, afección ribeira de Augas de Galicia, etc). As ditas afeccións están reflectidas no visor que figura na dirección electrónica <http://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos/>.



(Escribir a dos espacios)

3. A persoa interesada deberá presentar unha solicitude, dirixida á Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural da provincia onde radique o terreo obxecto de actuación, axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo I (solicitude), que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 14 desta orde xunto cos anexos que fosen necesarios.

4. Para cada liña de axuda soamente se poderá presentar unha solicitude por persoa titular, ano e para os terreos que se encontren nun mesmo concello, agás no caso de que un titular teña terreos en dúas ou máis agrupacións forestais, nas cales o 50 % dos seus membros deberá ser distinto. No caso contrario, procederase de oficio a archivar sen máis trámite as solicitudes presentadas con posterioridade á primeira. Deberase presentar unha solicitude para cada petición realizada sobre diferentes concellos e, de ser o caso, para cada liña.

5. Toda a información para a presentación de solicitudes está dispoñible na Guía de procedementos e servizos no enderezo <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>.

6 A presentación da solicitude non implica ningún dereito para o peticionario mentres non exista resolución favorable á petición.

Artigo 13. *Prazos de presentación de solicitudes e emenda da solicitude*

1. O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

2. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta, non se achegase a documentación exixida ou non se reunisen os requisitos sinalados na normativa da convocatoria ou os que, con carácter xeral, se indican na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a persoa solicitante será requirida para que, no prazo de 10 días hábiles contados desde o día seguinte ao da notificación do requirimento, emende o defecto advertido, a falta detectada ou presente os documentos preceptivos, e indicarse ademais que, de non o facer, se considerará que desiste na súa petición, logo de resolución que declarará esta circunstancia e que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

Artigo 14. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:



(Escribir a dos espacios)

a) Documentación xeral:

a.1) Documentación que acredite, por calquera medio válido en dereito, a representación coa que actúa a persoa que asina a solicitude.

a.2) Acreditación da dispoñibilidade dos terreos onde se van realizar os investimentos por calquera documentación xustificativa da propiedade admisible en dereito ou, de ser o caso, copia do contrato de arrendamento ou de xestión para o caso de titulares non propietarios do terreo.

Para as CMVMC, Montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo e as Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta (incluídas as SOFOR): mediante declaración responsable da persoa representante da entidade solicitante e de acordos cos datos que consten no correspondente rexistro administrativo. No caso das AFXC que aínda non estean inscritas pero teñan presentada a solicitude de inscrición dentro do prazo establecido, a acreditación realizarase con base nos datos que figuren na devandita solicitude de inscrición.

a.3) Proxecto (en formato PDF ou similar e cartografía en soporte dixital en formato vectorial) de acordo co establecido no anexo XI.

a.4) Número de expediente dixital da autorización ou declaración responsable para aproveitamentos madeireiros e leñosos en montes ou terreos forestais de xestión privada (procedementos MR604N e MR604R). No caso de terreos conveniados coa administración forestal, a acta de entrega da corta emitida pola devandita administración.

a.5) Número de expediente dixital da adhesión a modelos silvícolas ou de xestión forestal, de ser o caso.

a.6) Código do instrumento de ordenación ou xestión forestal inscrito no rexistro correspondente, de ser o caso.

a.7) No caso de que a/as parcela/s para a que se solicita axuda estea/n dada/s de alta no Rexistro da Propiedade, a persoa solicitante debe presentar copia da documentación acreditativa e aos sos efectos de aplicar os criterios de baremación.

a.8) O número de inscrición no rexistro de silvicultor/a activo/a ou pola contra a solicitude de



(Escribir a dos espacios)

recoñecemento como silvicultor/a activo/a segundo o establecido na Orde do 26 de abril de 2022 pola que se desenvolve a tramitación electrónica das solicitudes para o recoñecemento como agrupación forestal de xestión conxunta e como persoa silvicultora activa (código de procedemento MR608C). En todo caso, a devandita solicitude de recoñecemento deberá presentarse dentro do prazo de presentación de solicitudes ao abeiro desta orde de axudas.

a.9) O número de inscrición no rexistro de Agrupación Forestal de Xestión Conxunta ou pola contra a solicitude de inscrición no citado rexistro segundo o establecido na Orde do 26 de abril de 2022 pola que se desenvolve a tramitación electrónica das solicitudes para o recoñecemento como agrupación forestal de xestión conxunta (código de procedemento MR608B) e como persoa silvicultora activa. En todo caso, a devandita solicitude de inscrición deberá presentarse dentro do prazo de presentación de solicitudes ao abeiro desta orde de axudas.

b) Documentación sobre acordos:

b.1) As comunidade de bens, asociacións sen ánimo de lucro e entidades sen personalidade xurídica presentarán o anexo II (acordo de toma de razón)

b.2) As organizacións inscritas no Rexistro de Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta (incluído as SOFOR) presentarán o anexo III (toma de razón dos compromisos e obrigas establecidos na orde)

b.3) As entidades con personalidade xurídica (SL, SA, Cooperativas, SAT, etc) presentarán o anexo IV (certificación do acordo de solicitude de subvención).

c) Certificados, autorizacións e informes:

c.1) As CMVMC: Certificado do acordo que autoriza ao/á presidente/a da CMVMC a presentar a solicitude da axuda, tomado en asemblea xeral e asinado polo secretario/a co visto e pracedo/da presidente/a.

c.2) Os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo: certificado do acordo que autoriza á persoa representante da xunta xestora ou da asemblea de copropietarios do monte a presentar a solicitude da axuda, tomado en asemblea de copropietarios ou pola xunta xestora.

c.3) As AFXC: certificado emitido polo órgano de representación no que se acredite que todas as



(Escribir a dos espacios)

persoas integrantes da agrupación foron informadas da solicitude da axuda, así como dos compromisos e obrigas establecidos na presente orde.

c.4) Cooperativas agrarias ou Sociedades agrarias de transformación (SAT): certificado do responsable do rexistro conforme se atopa inscrita.

c.5) Autorización/informe, do órgano administrativo competente, para executar os traballos das actuacións obxecto de solicitude de axuda nos terreos con zonas con afeccións distintas da forestal segundo a lexislación sectorial aplicable e segundo os datos do visor <http://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos/>. No seu defecto, a solicitude das correspondentes autorizacións/informes perante o devandito órgano competente, documentos que deberán ser entregados durante a tramitación ou segundo o disposto no artigo 19.1.

c.6) Informe favorable do órgano administrativo competente en avaliación ambiental, no suposto de que o proxecto obxecto de solicitude de subvención estea sometido a este procedemento, segundo o disposto na Lei 21/2023, de 9 de decembro, de avaliación ambiental e demais lexislación concordante. No seu defecto, a solicitude da correspondente autorización/informe perante o devandito órgano competente, documentos que deberán ser entregados durante a tramitación ou segundo o disposto no artigo 19.1.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada. De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerárase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.



(Escribir a dos espacios)

Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tiver un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 15. *Trámites posteriores á presentación das solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 16. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña a súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante
- b) NIF da entidade solicitante
- c) DNI/NIE da persoa representante (se for o caso)
- d) DNI/NIE da persoa cesionaria (se for o caso)
- e) NIF da entidade cesionaria (se for o caso)
- f) DNI/NIE da persoa representante da persoa cesionaria (se for o caso)
- g) Estar ao día no pagamento de obrigas coa Seguridade Social a persoa solicitante e, se for o caso, da persoa cesionaria



(Escribir a dos espacios)

- h) Estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria a persoa solicitante e, se for o caso, da persoa cesionaria
- i) Estar ao día no pagamento de obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia a persoa solicitante e, se for o caso, da persoa cesionaria
- j) Consulta de inhabilitación para obter subvencións e axudas
- k) Consulta de concesións ampliado
- l) Consulta de axudas do Estado

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no anexo I, V e VI (se for o caso), e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 17. Instrución, resolución e recursos

1. Os órganos competentes para tramitar esta orde de axudas son a Subdirección Xeral de Recursos Forestais da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural e os Servizos de Montes dos Departamentos Territoriais da Consellería do Medio Rural (en adiante servizos provinciais de montes).

2. Os servizos provinciais de montes examinarán as solicitudes presentadas e requiriran aos solicitantes que, no prazo máximo de dez días hábiles, acheguen a documentación non presentada e, no caso de que as solicitudes conteñan defectos ou omisións, as emenden, conforme se establece no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Neste requirimento indicarse ademais que, se non o fixera, se terá por desistido da súa petición, previa notificación nos termos que se recollen no artigo 21 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Unha vez tramitadas as solicitudes, a persoa titular do Departamento Territorial de cada provincia propondrá a relación de solicitudes que cumpren os requisitos da convocatoria e as que



(Escribir a dos espacios)

non os cumpren ou non se axustan, indicará a súa causa de incumprimento e remitirá á subdirección xeral responsable dos recursos forestais.

4. Posteriormente, a subdirección xeral responsable dos recursos forestais emitirá un informe onde se reflectan os criterios de priorización, as solicitudes que, de acordo coa clasificación realizada atendendo a estes criterios, cubrisen a dispoñibilidade orzamentaria, e formulará a proposta de resolución que, de acordo co artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, resolverá a persoa titular da dirección xeral responsable da planificación e ordenación forestal por delegación da persoa titular da Consellería do Medio Rural.

5. A aprobación das axudas solicitadas en réxime de concorrencia competitiva axustarase aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación.

6. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ás persoas interesadas será de cinco meses, contados a partir do día seguinte da finalización do prazo para a presentación de solicitudes. Este prazo poderase ampliar segundo o indicado no artigo 23 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de non se ditar resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 21 e 25 da mesma Lei 39/2015.

7. As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interporse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería do Medio Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución.



Artigo 18. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, agás o establecido no artigo seguinte, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 19. *Publicación de actos*

1. As notificacións das resolucións de aprobación e denegación destas axudas realizaranse mediante a publicación no Diario Oficial de Galicia. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, a persoa beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade da subvención



(Escribir a dos espacios)

outorgada, así como a indicación das causas da desestimación e expresaranse, ademais, os recursos que contra a resolución procedan, órgano administrativo ou xudicial ante o que deben presentarse e o prazo para interpos. Tamén figurará a puntuación de todas as solicitudes que entran no procedemento de concorrência competitiva.

Por outra banda, tamén figurará unha lista de todos os expedientes aprobados que non teñan a autorización ou informe sectorial de afeccións distinta da forestal nos cales se dará un prazo de 3 meses, contados desde a resolución de aprobación, para a súa presentación no caso de que a autorización ou informe sexa desfavorable ou sexa entregada fóra do prazo dado, procederase á tramitación do correspondente expediente de perda do dereito ao cobramento da axuda.

2. Na notificación de concesión da axuda informaranse as persoas beneficiarias que as intervencións subvencionadas están recollidas no marco do Plan estratéxico da Política Agrícola Común de España para o período 2023-2027 e son cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Artigo 20. *Inspeccións previas*

O persoal da Consellería do Medio Rural poderá realizar unha inspección no campo para verificar as superficies polas que se solicita axuda, comprobar os datos da solicitude, a viabilidade dos traballos e súa compatibilidade co Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga). Esta inspección realizarase, no seu caso, antes da resolución de aprobación.

Unha diferenza superior ao 30 % entre os datos achegados coa solicitude/documentación acreditativa e as comprobacións que resulten na inspección de campo implicará a denegación da axuda. No caso de minoración ou denegación da axuda solicitada remitirase, polo servizo provincial de montes, copia da inspección a persoa solicitante.

Artigo 21. *Execución dos traballos*

1. O prazo máximo para a execución dos traballos subvencionados ao abeiro desta orde remata o 30 de xuño de 2027 e só serán subvencionables os investimentos que se realicen entre unha data posterior a inspección previa, no caso de ser realizada, ou, pola contra, entre unha data posterior a resolución de concesión da axuda e a data límite de xustificación.



(Escribir a dos espacios)

2. A axuda definitiva será a resultante da comprobación final realizada por empregados da Consellería do Medio Rural, unha delas distinta das que realizaron a inspección previa no caso de ser realizada. De ser o caso, modificarase á baixa a cantidade aprobada inicialmente; deducindo o importe do módulo correspondente a superficie con execucións deficientes ou inexecucións.

3. Atendendo ao artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderase conceder a ampliación do prazo de execución establecido, que non exceda a metade del, se as circunstancias o aconsellan e con isto non se prexudican dereitos dun terceiro. Esta ampliación deberá solicitarse, como mínimo, dous meses antes de que acabe o prazo de execución. Os acordos sobre ampliación dos prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso. Os servizos provinciais de montes proporán as anteditas ampliacións á persoa titular da subdirección xeral responsable dos recursos forestais, que elevará a proposta á persoa titular da dirección xeral responsable da planificación e ordenación forestal para a súa aprobación con base ás funcións delegadas pola persoa titular responsable do Medio Rural para resolver.

4. Transcorrido o prazo establecido de execución sen ter presentado a xustificación das actuacións subvencionadas a que se fai referencia no artigo 22 requirirase a persoa beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de dez días hábiles. A falta de presentación da solicitude no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención e poderá supor a apertura dun expediente sancionador segundo se establece na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá a persoa beneficiaria das sancións que, conforme á lei, correspondan.

5. Así mesmo, no caso de ter presentada a xustificación dos traballos subvencionados se a persoa beneficiaria fose requirida para presentar documentación adicional e non aportase esa documentación no prazo establecido no requirimento perderá o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención.

6. Ata dous meses antes da data de remate dos traballos, poderase solicitar unha modificación da resolución de aprobación para modificar ou reducir a superficie obxecto de axuda pola aparición de circunstancias técnicas non detectadas. Dita modificación, que poderá aprobarse previo informe favorable do Servizo de Montes provincial, non poderá superar en ningún caso a superficie de actuación inicialmente aprobada. Para tramitar a solicitude de modificación da



(Escribir a dos espacios)

resolución de aprobación deberá estar asinada pola persoa beneficiaria da axuda, explicar os motivos de dita solicitude e deberá entregar un ficheiro shapefile coa nova superficie proposta, que poderá incluír parcelas Sixpac novas. No caso de non contestación á solicitude de modificación entenderase desestimada.

Artigo 22. Xustificación das actuacións a través de módulos

1. A data límite de xustificación da execución das actuación do módulo solicitado será o 30 de xuño de 2027, podendo presentarse a correspondente xustificación en calquera momento desde a data de notificación da resolución de concesión ata o remate do citado prazo.

2. As persoas beneficiarias deberán presentar, xunto coa solicitude de pagamento (Anexo V), a documentación xustificativa acreditativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, que constará dos seguintes documentos:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Deberá estar asinada por unha persoa titulada en enxeñería de montes ou enxeñería técnica forestal, ou titulada universitaria de grao ou posgrao en materia forestal.

b) Unha memoria económica xustificativa; asinada por unha persoa titulada en enxeñería de montes ou enxeñería técnica forestal, ou titulada universitaria de grao ou posgrao en materia forestal; que conterá, como mínimo, os seguintes extremos:

- i. Acreditación sobre o número de unidades físicas consideradas como módulo, asinada por unha persoa titulada en enxeñería de montes ou enxeñería técnica forestal, ou titulada universitaria de grao ou posgrao en materia forestal.
- ii. Contía da subvención calculada sobre a base das actividades cuantificadas na memoria de actuación e os módulos previstos na orde de convocatoria, asinada por unha persoa titulada en enxeñería de montes ou enxeñería técnica forestal, ou titulada universitaria de grao ou posgrao en materia forestal.
- iii. Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia, no que deberá figurar a sinatura da persoa solicitante ou representante.

c) Respecto do material forestal de reprodución empregado (*salvo pinus taeda L*):

- i. Etiquetado e documento proveedor expedido polo ente proveedor de material forestal de



(Escribir a dos espacios)

reproducción consonte o Real decreto 289/2003, do 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución, e a súa modificación recollida no Real decreto 1220/2011, do 5 de setembro.

ii. Declaración responsable, dos entes provedores de material forestal de reprodución que teñan expedidos ditos documentos provedores, na que certifiquen que dito material forestal de reprodución cumpre cos requirimentos establecidos polo Decreto 220/2007, do 15 de novembro, polo que se crea o sistema oficial para o control da produción e comercialización dos materiais forestais de reprodución, en materia de calidade exterior.

iii. Pasaporte fitosanitario do material forestal de reprodución consonte a lexislación vixente en materia de sanidade vexetal.

d) Respecto do material forestal de reprodución de *pinus taeda* L empregado:

i) Documentación do material forestal de reprodución conforme a *Orde do do 28 de novembro de 1991 do ministro de Estado, o ministro de Economía, Facenda e Orzamentos e o ministro de Agricultura e Montes da República Francesa, relativa ao comercio de materiais forestais de reprodución de determinadas especies forestais.*
<https://www.legifrance.gouv.fr/loda/id/JORFTEXT000000873597/2021-04-28/>

ii) Pasaporte fitosanitario do material forestal de reprodución consonte a lexislación vixente en materia de sanidade vexetal.

iii) No caso de material forestal de reprodución procedente dunha rexión de procedencia distinta da PTA 311 Façade Atlantique (Fachada Atlántica Francesa), na resolución de autorización de reforestación expresa determinarase a documentación a presentar.

d) Archivo gráfico (medición con GPS) en formato dixital SHP coa superficie afectada polas actuacións subvencionadas, coas mesmas características que o ficheiro que figura no anexo XI.

e) Certificado final de obra emitido polo director de obra, no que figure unha relación valorada dos traballos executados.

f) Só no caso de CMVMC, xustificación do cumprimento da obriga de comunicación establecida no artigo 125.7 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, tendo en conta que as cotas



(Escribir a dos espacios)

mínimas de reinvestimento das CMVMC serán do 40 % de todos os ingresos xerados. No caso de ter un reinvestimento superior ao mínimo legal debe indicarse esa porcentaxe.

g) No caso de cesión do dereito de cobramento da axuda cun terceiro a persoa beneficiaria debe presentar:

- i) Anexo VI (comunicación de cesión dos dereitos de cobramento) asignado, pola persoa cedente ou seu representante e pola persoa cesionaria ou seu representante.
- ii) Documentación de formalización da cesión; que pode ser unha copia do documento privado polo que se formalizou a cesión asinado electronicamente ou, de ser o caso, copia do documento público polo que se formalizou a cesión e a xustificación da liquidación do imposto de transmisións patrimoniais de actos xurídicos documentados (ITPAXD).
- lii) No caso de entidades ou persoas xurídicas, certificado que acredite a autorización do órgano de representación da entidade beneficiaria para que a persoa representante da dita entidade formalice a cesión do dereito de cobramento a favor da persoa cesionaria.

Artigo 23. *Pagamento*

1. Recibida a solicitude de pagamento e a documentación complementaria o servizo provincial de montes analizará a documentación xustificativa acreditativa do cumprimento e realización das actuacións do módulo que son obxecto de subvención e emitirá unha proposta de pagamento que elevará á Subdirección Xeral de Recursos Forestais.

2. Os pagamentos calcularanse sobre a base dos importes que se consideren subvencionables durante os controis administrativos realizados por persoal da consellería competente no medio rural, que examinará a solicitude de pagamento presentada pola persoa beneficiaria e realizará unha visita *in situ* aos terreos onde se realizaron as actuacións do módulo e determinará os importes subvencionables. No caso de existir sobredeclaración procederá a penalización de conformidade co establecido no artigo 51 do Real decreto 147/2023, do 28 de febreiro, polo que se establecen as normas para a aplicación de penalizacións nas intervencións contempladas no Plan estratéxico da política agrícola común, e se modifican varios reais decretos polos que se regulan distintos aspectos relacionados coa aplicación en España da política agrícola común para o período 2023-2027.

A visita aos terreos onde se realizaron as actuacións do módulo será comunicada con antelación a persoa beneficiaria e ao técnico responsable das actuacións de reforestación.



(Escribir a dos espacios)

3. O pagamento efectuarase de forma nominativa a favor das persoas beneficiarias, salvo cesión de pagamento, e despois da acreditación e comprobación da realización con conformidade as actuacións do módulo solicitado. No caso de que na visita in situ se determine que na superficie obxecto de axuda non se executaron con conformidade aos requisitos da orde de convocatoria algunha/s da/s actuación/s do módulo, o importe da axuda decaerá no importe do módulo correspondente a superficie con execucións deficientes ou, de ser o caso, na súa totalidade.

4. A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal poderá solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que considere axeitado.

5. Malia o anterior, no caso de que a persoa beneficiaria concerte con terceiros a execución total das actividades obxecto de subvención e se acolla á cesión do dereito de cobramento, establecido no número 3 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, considerarase efectivamente pagado o gasto coa cesión do dereito de cobramento da subvención a favor das persoas cesionarias.

Artigo 24. *Contratación*

A persoa beneficiaria poderá concertar con terceiros a execución total das actividades que constitúe o obxecto da subvención, salvo que o impida a súa natureza, nos termos recollidos no artigo 27 e concordantes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 25. *Reintegros e penalizacións*

1. Procederá o reintegro total ou parcial das axudas concedidas o amparo desta orde e dos intereses de demora correspondentes no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, dos requisitos establecidos no articulado desta orde e, en xeral, nos casos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sen menoscabo do establecido no primeiro parágrafo, ás persoas beneficiarias das axudas reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de reintegro previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Aplicarase a penalizacións tras os controis de subvencionalidade dos gastos da solicitude de pago segundo o establecido no artigo 51 do Real Decreto 147/2023, de 28 de decembro, polo que se establecen as normas para a aplicación de penalizacións nas intervencións contempladas



(Escribir a dos espacios)

no Plan Estratéxico da Política Agrícola Común, e modifícanse varios reais decretos polos que se regulan distintos aspectos relacionados coa aplicación en España da Política Agrícola Común para o período 2023-2027. A penalización a aplicar calcularanse en función dos importes que non resulten subvencionables tras os controis administrativos realizados por persoal da consellería competente no medio rural, que examinará a solicitude de pagamento presentada polo beneficiario e determinará os importes subvencionables e os que non o son. Ademais, fixará:

- a) O importe pagadeiro á persoa beneficiaria en función da solicitude de pagamento e a decisión de concesión. No caso de que o primeiro sexa superior ao segundo, o importe solicitado axustarase ao límite da concesión.
- b) O importe pagadeiro á persoa beneficiaria logo do exame da subvencionabilidade do gasto que figure na solicitude de pagamento.

Se o importe fixado conforme a letra a) supera o importe fixado conforme a letra b) en máis dun 10 %, aplicarase unha penalización ao importe fixado conforme a letra b). O importe da penalización será igual á diferenza entre eses dous importes, pero non irá máis alá do importe solicitado.

3. Procederá a penalización por incumprimento dos requisitos de subvencionabilidade establecida no artigo 52 do Real Decreto 147/2023, de 28 de decembro, que se aplicará segundo a seguinte cualificación:

- a) Execucións entre o 60% e o 80% do importe concedido en relación ao importe controlado tras o estudio de admisibilidade da solicitude de pago; incumprimento que da lugar a unha redución do importe de axuda ó 50%.
- b) Execucións inferiores ao 60% do importe concedido en relación ao importe controlado tras o estudio de admisibilidade da solicitude de pago; incumprimento que da lugar a perda do dereito ao cobro do 100% da axuda.

4. Non se imporán penalizacións nos supostos relacionados no artigo 5 do Real Decreto 147/2023, de 28 de decembro, polo que se establecen as normas para a aplicación de penalizacións nas intervencións contempladas no Plan Estratéxico da Política Agrícola Común, e modifícanse varios reais decretos polos que se regulan distintos aspectos relacionados coa aplicación en España da Política Agrícola Común para o período 2023-2027.



(Escribir a dos espacios)

Artigo 26. *Financiamento e distribución do crédito*

1. O financiamento das axudas recollidas na presente orde efectuarase, nos exercicios 2026 e 2027, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias segundo a subintervención:

Liña (Subintervención)	Aplicación orzamentaria	Ano 2026	Ano 2027	Total
Liña I (6883_02)	15.03.713B.770.0 2024 00100	3.300.000	3.300.000	6.600.000
Liña II (agás chopo) (6883_01)	15.03.713B.770.0 2024 00109	733.000	750.000	1.483.000
Liña III (6883_01)	15.03.713B.770.0 2024 00109	100.000	300.000	400.000
TOTAL		4.133.000	4.350.000	8.483.000

As axudas previstas na Intervención 6883 – Investimentos forestais produtivos (subintervención 6883_01 – Investimentos forestais produtivos_1, que financia actuacións de reforestación produtiva de frondosas e subintervención 6883_02 – Investimentos forestais produtivos_2, que financia actuacións de reforestación produtiva de coníferas) do PEPAC 2023-2027 de Galicia, están financiadas polo Feader nun 60 %, polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación nun 12 % e pola Xunta de Galicia nun 28 %.

2. Do crédito de cada liña resérvanse as seguintes porcentaxes da dispoñibilidade orzamentaria indicada no apartado anterior segundo o tipo de beneficiario:

- a) Agrupacións forestais de xestión conxunta rexistrada no rexistro correspondente (incluído SOFOR): 40 %.
- b) CMVMC: 40 %.
- c) Propietario particular, Asociacións sen ánimo de lucro, Sociedades civís e comunidades de bens, Cooperativas e outras entidades de economía social, Sociedades agrarias de transformación, Sociedades mercantís reguladas na lexislación de sociedades de capital e calquera outra que teña por obxecto a recuperación, de forma conxunta, de terras forestais: 20%

No caso de que unha vez priorizados os expedientes solicitados non se consuma a totalidade do importe especificado nos distintos puntos da distribución do crédito detallado no parágrafo anteriores, os importes sobrantes dos distintos puntos pasarán aos demais para facer fronte aos expedientes solicitados.



(Escribir a dos espacios)

2. Para a liña II e III (15.03.713B.770.0 2024 00109) no caso de que, unha vez priorizados os expedientes que cumpran as condicións e criterios establecidos nesta orde, non se consuma a totalidade do importe establecido pola distribución de crédito arriba indicada para cada liña, os importes sobrantes pasarán a financiar a outra liña.

3. Esta orde tramítase mediante tramitación anticipada de gasto, conforme ao establecido no artigo 25 do Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, así como no establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

4. Sen prexuízo das contías indicadas anteriormente, existe a posibilidade de ampliación de crédito nos supostos previstos no artigo 30 do Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro. Neste caso, o órgano concedente procederá a publicar esta ampliación nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Artigo 27. *Infraccións e sancións*

En materia de infraccións e sancións será de aplicación o disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no título II da Lei 30/2022, de 23 de decembro, pola que se regulan o sistema de xestión da Política Agrícola Común e outras materias conexas, así como o Real Decreto 147/2023, de 28 de decembro, polo que se establecen as normas para a aplicación de penalizacións nas intervencións contempladas no Plan Estratéxico da Política Agrícola Común, e modifícanse varios reais decretos polos que se regulan distintos aspectos relacionados coa aplicación en España da Política Agrícola Común para o período 2023-2027.

Artigo 28. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. As persoas beneficiarias destas subvencións e a persoa cesionaria do dereito de cobramento, se for o caso, están obrigadas e someteranse ás actuacións de comprobación e control que



(Escribir a dos espacios)

realice a Consellería do Medio Rural para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, á autoridade de control e aos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas da Unión Europea.

Despois da certificación final e pagamento da axuda a persoa beneficiaria e a persoa cesionaria do dereito de cobramento, se for o caso, deberán dispor á disposición dos citados órganos de control a documentación xustificativa dos gastos da totalidade dos traballos, dos pagamentos e demais documentación esixida pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa beneficiaria e á persoa cesionaria do dereito de cobramento, se for o caso.

A maiores, ao tratarse de axudas cofinanciadas cos fondos do Feader, deberán someterse aos específicos controis administrativos sobre o terreo e *a posteriori*, segundo o recollido no Regulamento de execución (UE) 2022/128 da Comisión, do 21 de decembro de 2021, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello sobre os organismos pagadores e outros órganos, a xestión financeira, a liquidación de contas, os controis, as garantías e a transparencia, e o Real decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan estratéxico e outras axudas da política agrícola común.

Ademais, deberán proporcionar á autoridade de xestión, aos avaliadores designados ou a outros organismos en que a dita autoridade delegue a realización deste tipo de tarefas toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e a avaliación do programa, en particular en relación co cumprimento de determinados obxectivos e prioridades, de conformidade co disposto no Regulamento (UE) nº 2021/2115, do 2 de decembro de 2021.

2. A persoa beneficiaria e a persoa cesionaria do dereito de cobramento, se for o caso, está obrigada a someterse a calquera actuación que a Administración concedente poida realizar para comprobar a aplicación das axudas á finalidade que determinou a súa concesión, o cumprimento dos requisitos exixidos para a concesión e o pagamento da axuda e o mantemento das condicións establecidas nas bases reguladoras, a convocatoria e a resolución de concesión.

3. No caso de achado casual de obxectos e restos materiais que posúan valores que son propios do patrimonio cultural galego, o descubridor deberá comunicarllo inmediatamente á consellería



(Escribir a dos espacios)

competente en materia de cultura de conformidade coa Lei 5/2016, do 4 de maio, pola que se regula o patrimonio cultural de Galicia.

4. As actuacións na zona lateral de protección do Camiño de Santiago serán comunicadas polo solicitante á consellería competente en materia de cultura, co obxecto de contar coa súa autorización previa de conformidade coa Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

5. Así mesmo, son obrigas das persoas beneficiarias da axuda as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. As persoas beneficiarias ou outros organismos que participen na execución das intervencións están obrigadas a manter un sistema de contabilidade separado, ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relativas a unha operación, segundo o establecido no artigo 123.2.b). i) do Regulamento 2021/2115.

7. De conformidade co Regulamento (UE) 2021/2116 toda persoa ou entidade que reciba fondos da Unión debe cooperar na protección dos intereses financeiros desta. No caso de bases reguladoras, esíxese ás persoas ou entidades potenciais beneficiarias a obriga de asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no ámbito de xestión da entidade, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude no ámbito dos Fondos Feader.

Artigo 29. Medidas informativas e publicitarias

As persoas beneficiarias deben cumprir cos requisitos en materia de información, publicidade e visibilidade relacionados coas axudas da Unión e o Plan Estratéxico da PAC recollidos no Regulamento de execución (UE) 2022/129 da comisión do 21 de decembro de 2021 e na instrución ARX PEPAC 01/2023 Información, Publicidade e Visibilidade. En particular:

- a) Todas as actividades de información e publicidade que leven a cabo as persoas beneficiarias deberán destacar o apoio dos fondos á operación incorporando:
- a. O logo da Xunta de Galicia.
 - b. O emblema da Unión Europea e, xunto a el, a declaración «Financiado pola Unión Europea» ou «Cofinanciado pola Unión Europea», que figurará sen abreviar.
 - c. O logotipo xeral oficial do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA).



(Escribir a dos espacios)

d. Referencia á axuda do Feader a través do PEPAC, indicando o cofinanciamento pola Unión Europea, a porcentaxe de cofinanciamento e o montante total da axuda.

b) Cando a persoa beneficiaria dispoña dun sitio web e/ou contas oficiais nas redes sociais, deberá incorporar, ademais do disposto no punto anterior, unha breve descrición da operación que recibe os fondos europeos, de maneira proporcionada ao nivel da axuda, e indicará os seus obxectivos e resultados.

c) As intervencións que reciban unha axuda pública total superior a 10.000 euros deberán colocar, polo menos, un panel de tamaño A3 (297x420mm) nun lugar ben visible no terreo onde se realicen as actuacións obxecto de subvención, que fará referencia clara e inequívoca á axuda concedida con expresión dos datos identificativos desta orde, acompañados polo logotipo da Xunta de Galicia e da Consellería de Medio Rural, e o do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, destacando a axuda financeira recibida pola Unión (anexo XII).

Artigo 30. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 31. *Réxime xurídico*

1. As axudas reguladas nesta orde nas intervencións contidas no Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027 (PEPAC) e cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), polo que o marco normativo básico é o seguinte:

– Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común (plans estratéxicos da PAC),



(Escribir a dos espacios)

financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e polo que se derrogan os regulamentos (UE) 1305/2013 e (UE) 1307/2013.

- Regulamento (UE) 2021/2116, do 2 de decembro de 2021, sobre o financiamento, a xestión e o seguimento da política agrícola común e polo que se derroga o Regulamento (UE) 1306/2013.
- Regulamento de execución (UE) 2022/129 da Comisión, do 21 de decembro de 2021, polo que se establecen normas para os tipos de intervención relativos ás sementes oleaxinosas, ao algodón e aos subprodutos da vinificación en virtude do Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, así como para os requisitos en materia de información, publicidade e visibilidade relacionados coa axuda da Unión e os plans estratéxicos da PAC.
- Regulamento de execución (UE) 2022/1475 da Comisión do 6 de setembro de 2022 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello no que incumbe á avaliación dos plans estratéxicos da PAC e á subministración de información para o seguimento e a avaliación.
- Regulamento de execución (UE) 2022/128 da Comisión, do 21 de decembro de 2021, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello sobre os organismos pagadores e outros órganos, a xestión financeira, a liquidación de contas, os controis, as garantías e a transparencia.
- Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC) de España para a axuda da Unión financiada polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, aprobado pola Decisión de execución da Comisión C(2025) 5713 final, do 14 de agosto de 2025.
- Lei 30/2022, do 23 de decembro, pola que se regulan o sistema de xestión da Política Agrícola Común e outras materias conexas.
- Real decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan Estratéxico e outras axudas da Política Agrícola Común.
- Real decreto 147/2023, do 28 de febreiro, polo que se establecen as normas para a aplicación de penalizacións nas intervencións contempladas no Plan Estratéxico da Política Agrícola Común, e modifícanse varios reais decretos polos que se regulan distintos aspectos relacionados coa aplicación en España da Política Agrícola Común para o período 2023-2027.
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



(Escribir a dos espacios)

- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
- Decreto 167/2019, do 5 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas.
- Orde do 19 de maio de 2014 pola que ese establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia modificada pola Orde do 9 de febreiro de 2021 pola que se modifica o anexo I da Orde 19 de maio de 2014.
- Circular de coordinación 37/2023 relativa ao Plan nacional de controis das Intervencións de desenvolvemento rural non establecidas no ámbito do sistema integrado do período 2023/2027 incluídas no Plan Estratéxico da Política Agrícola Común.
- Plan galego de controis, Intervencións PEPAC 2023-2027 – Réxime Feader non SIXC.
- Instrución ARX PEPAC 01/2023 Información, Publicidade e Visibilidade.

2. Sen prexuízo das normas específicas de aplicación para o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e para execución do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027 (PEPAC) que se poidan establecer, e en defecto do previsto nesta normativa, aplicaranse as normas de dereito administrativo, incluídas as sectoriais, así como as normas de dereito privado ou outras de ámbito nacional ou europeo que puidesen resultar aplicables.

Disposición adicional primeira. *Base de Datos Nacional de Subvencións*

De conformidade co establecido nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos nacional de subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.



(Escribir a dos espacios)

Disposición adicional segunda. *Protección de datos das persoas físicas*

De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas cos datos consignados no modelo normalizado de solicitude, dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPDP), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Informarase aos beneficiarios da publicación de datos que lles concirnen de conformidade co artigo 98 do Regulamento (UE) 2021/2116 e de que ditos datos poderán ser tratados por organismos de auditoría e investigación da Unión e dos Estados membros para protexer os intereses financeiros da Unión, de conformidade co artigo 99 do Regulamento (UE) 2021/2116.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial*

Facúltase á persoa titular da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para a aplicación ou o cumprimento do establecido nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2025

María José Gómez Rodríguez
Conselleira do Medio Rural

INSÍRASE NO DOG
O secretario xeral técnico
Jorge Atán Castro



(Escribir a dos espacios)

1. ANEXO I SOLICITUDE
2. ANEXO II ACORDO DE TOMA DE RAZÓN
3. ANEXO III TOMA DE RAZÓN DOS COMPROMISOS E OBRIGAS ESTABLECIDOS NA ORDE (novo)
4. ANEXO IV CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN
5. ANEXO V SOLICITUDE DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN
6. ANEXO VI COMUNICACIÓN DE CESIÓN DO DEREITO DE COBRAMENTO
7. ANEXO VII Importes e características dos módulos de concesión e xustificación
8. ANEXO VIII Especies forestais para reforestación
9. ANEXO IX Condicións e requisitos técnicos mínimos
10. ANEXO X Material forestal de reprodución
11. ANEXO XI Instrucións de remisión da información
12. ANEXO XII Paneis e placas



(Escribir a dos espacios)

Anexo VII : Importes e características dos módulos de concesión e xustificación

a) Liña I (Subintervención 6883_2: Investimentos forestais produtivos_2, que financia actuacións de reforestación produtiva de coníferas):

- "Módulos de reforestación produtiva de coníferas" son os seguintes:

CÓDIGO MÓDULO	CARACTERÍSTICAS DO MÓDULO (DENSIDADE)	ESPECIE (coníferas)	IMPORTE (€/ha)
LI-A	densidades igual ou superior a 1300 pés/ha	Anexo VIII	3.691,67
LI-B	densidade igual ou superior a 1000 pés/ha e e inferiores a 1300 pés/ha	Anexo VIII	3.383,69
LI-C	densidade igual ou superior a 850 pés/ha e inferior a 1.000 pés/ha	Anexo VIII	3.095,71

- "Módulo de xestión da rexeneración natural tras corta de masas de coníferas":

CÓDIGO MÓDULO	CARACTERÍSTICAS DO MÓDULO (DENSIDADE)	ESPECIE (coníferas)	IMPORTE (€/ha)
LI-D	Densidade final entre 1000-1400 pés/ha	Anexo VIII	2.079,89

b) Liña II (Subintervención 6883_1: Investimentos forestais produtivos_1, que financia actuacións de reforestación produtiva de frondosas agás chopo): os "Módulos de reforestación produtiva de frondosas (agás chopo)" son os seguintes:

CÓDIGO MÓDULO	CARACTERÍSTICAS DO MÓDULO (DENSIDADE)	ESPECIE	IMPORTE (€/ha)
LII-A	Densidades igual ou superior a 1000 pés/ha	Anexo VIII	4.230,41
LII-B	Densidade igual ou superior a 50 pés/ha e menor ou igual a 150 pés/ha	Anexo VIII	2.569,50
LII-C	Plantación mixta con densidade igual ou superior a 1000 pés/ha*	Anexo VIII	3.888,12

*plantacións mixtas de frondosas e coníferas ca proporción do 60% de frondosas e do 40% de coníferas.



(Escribir a dos espacios)

c) Liña III (Subintervención 6883_1: Invetimentos forestais produtivos_1, que financia actuacións de reforestación produtiva con chopo): “Módulo de reforestación produtiva de chopo”

CÓDIGO MÓDULO	CARACTERÍSTICAS DO MÓDULO (DENSIDADE)	ESPECIE REFORESTACIÓN	IMPORTE (€/ha)
CHOP	Densidade igual ou maior a 250 pés/ha e menor ou igual a 300 pés/ha	Polulus x interamericana, clons Raspalje e Unal.	4.229,60

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: qSgYD1LZ9jg Verificación: <https://sede.xunta.gal/ove>



(Escribir a dos espacios)

Anexo VIII: Especies forestais para reforestación

Coníferas (LIÑA I)

A1 Piñeiro do país (altitude menor de 1.000 m snm) *Pinus pinaster*.

A2 Piñeiro silvestre *Pinus sylvestris* L.

A3 Piñeiro insigne *Pinus radiata* D. Don.

A4 Pseudotsuga *Pseudotsuga menziesii*.

A5 Piñeiro laricio *Pinus nigra*.

A9 Piñeiro taeda *Pinus Taeda* L

Frondosas (Liña II)

Agás chopo (*populus x interamericana*)

B1 Ameneiro *Alnus glutinosa* (L.) Gaertn.

B2 Bidueiro *Betula* sp.

B6 Freixo *Fraxinus excelsior* L. e Freixa *Fraxinus angustifolia* Vahl.

B7 Castiñeiro *Castanea sativa* Mill.

B8 Castiñeiro híbrido *Castanea X hybrida* (resistente á tinta)

(Clon aprobado por orde da Consellería do Medio Rural)

B9 Cerdeiras silvestres e híbridos de produción madeireira *Prunus avium* L.

B10 Carballo *Quercus robur* L.

B12 Faia *Fagus sylvatica* L.

B15 Nogueira americana e híbridos de produción madeireira *Juglans nigra*

B16 Umeiro *Ulmus glabra* Huds., *Ulmus minor* Miller, Loureiro *Laurus nobilis* L.

B20 Carballo americano *Quercus rubra* L.

B21 Pradairo *Acer pseudoplatanus* L.

B22 Cerquiño *Quercus pyrenaica* Will, Carballo albariño *Quercus petraea* (Matts) Liebl.

B23 Aciñeira *Quercus ilex* L. ss. *Ballota* (Desf.) Samp.

B24 Sobreira *Quercus suber* L.

B26 Capudre *Sorbus aucuparia* L.

B27 Érbedo *Arbutus unedo* L.

B30 *Quercus rotundifolia* Lam.

B31 Abeleira *Corylus avellana* L.

B32 Sobreira do monte *Sorbus aria* L.

C2 Nogueira *Juglans regia* L.

Chopo (Liña III)

CH Chopo (*populus x interamericana*)



Anexo IX: Condicións e requisitos técnicos mínimos

a) Actuación dos “Módulo de reforestación produtiva de coníferas” e “Módulo de xestión do rexenerado natural tras corta de coníferas” (subintervención 6883_02) da Liña I e do “Módulo de reforestación produtiva de frondosas (agás chopo)” (subintervención 6883_01) da Liña II

Actuación	Requisitos técnicos e condicións técnicas mínimas
Roza	Será total e a feito. A altura do mato (especies leñosas), unha vez rozado, non superará os 10 cm.
Preparación do terreo	Mecanizado, subsolaxe de polo menos 50 cm de profundidade ou aburcado de 50*50*50.
Plantación	Material forestal de reprodución: reforestacións con especies das indicadas no Anexo VIII e que teñan as características indicadas no anexo X.
Densidades de plantación LIÑA I	• Reforestación con coníferas de densidades igual ou superior a 1300 pés/ha (módulo LI-A) • Reforestación con coníferas coníferas de densidade igual ou superior a 1000 pés/ha e menor a 1300 pés/ha (módulo LI-B) • Reforestación con coníferas de densidade igual ou superior a 850 pés/ha e menor a 1000 pés/ha (módulo LI-C) • Xestión do rexenerado natural tras corta de coníferas con densidades entre 1000 e 1400 pés/ha (módulo LI-D)
Densidades de plantación LIÑA II	• Reforestación con frondosas de densidades igual ou superior a 1000 pés/ha (módulo LII-A) • Reforestación con frondosas de densidades igual ou superior a 50 pés/ha e menor ou igual a 150 pés/ha (módulo LII-B) • Plantacións mixtas de frondosas e coníferas cunha densidade igual ou superior a 1000 pés/ha, mantendo unha proporción do 60% de frondosas e do 40% de coníferas (módulo LII-B)
Coidados (so Liña I)	Aplicaranse tratamentos para o control integrado das enfermidades fúnxicas defoliadoras de coníferas a base de óxido cuproso ou sulfato cuprocalcico en formulacións comerciais.
Área de defensa contra incendios forestais	Obrigatoria agás xustificación técnica. Requisitos, agás xustificación técnica: • Ancho mínimo de 10 m • Terán unha franxa central de 5 metros con decapaxe ata solo mineral e dúas franxas laterais de polo menos 2,5 metros de ancho nas que se realizará unha roza a feito.



(Escribir a dos espacios)

	• No caso de coincidir no perímetro unha pista forestal, débese realizar unha roza nunha franxa de ancho igual ao resultado de restar a 10 metros o ancho da pista en metros. • Procurarase integrar noutras existentes. • Efectuaranse cortas transversais, cunha pendente do 2 % e distanciadas 50 m a partir das pendentes daquelas superiores ao 20 %.
Xestión rexenerado natural tras corta de coníferas (Liña I-D)	• Roza por faixas sistemática: apertura de faixas de roza sistemática mecanizada tratando ao mesmo tempo ás árbores novas e o mato. • Roza e desmesta selectiva: nas faixas non rozadas realizarase unha roza manual que inclúa unha desmesta selectiva dos pés hasta a densidade final (entre 1000 e 1400 pés/ha). • Ós pés de coníferas que queden realizarase unha aplicación de tratamentos para o control integrado das enfermidades fúnxicas defoliadoras de coníferas a base de óxido cuproso ou sulfato cuprocalcico en formulacións comerciais.

b) Actuación do "Módulo de reforestación produtiva de chopo" (subintervención 6883_01).

Liña III

Actuación	Requisitos técnicos e condicións técnicas mínimas
Roza	Será total e a feito. A altura do mato (especies leñosas), unha vez rozado, non superará os 10 cm.
Preparación do terreo	Aburatemento mecanizado hasta atopar a capa freática
Plantación	Material forestal de reprodución: - Segundo as características indicadas no anexo X - Especies de <i>Populus x interamericana</i> clons "Raspalje" e "Unal" - Varetas de 2 zumes de entre 4 e 5 metros Plantación a raíz profunda, segundo requisitos e condicionantes do MS PCA. Densidade igual ou maior a 250 pés por hectárea e igual ou menor a 300 pés por hectárea
Coidados - Fertilización	Realizarase con fertilizantes CEE o UE, de aplicación localizada e liberación lenta, adaptados ás características edafolóxicas da zona de actuación, co fin de evitar a contaminación dos acuíferos. Os fertilizantes poderán aplicarse en forma de pastillas ou cápsulas resinadas.
Outros	As superficies plantadas con <i>Populus x interamericana</i> seguirán os requisitos e condicionantes establecidos no modelo selvícola PCA (populicultura en solos acedos) establecido pola ORDE do 9 de febreiro de 2021 pola que se



(Escribir a dos espacios)

	modifica o anexo I da Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia
--	---



ANEXO X: Material forestal de reproducción

1. O material forestal de reproducción empregado nas reforestacións deberán cumprir cos seguintes requisitos:

i. Para todas as actuacións de reforestación, o material forestal de reproducción (MFR) empregado deberá pertencer á máxima categoría de calidade dispoñible para a especie e rexión de procedencia correspondente. A orde de prelación de categorías, de maior a menor calidade, é a seguinte:

Controlado (etiqueta azul)

Cualificado (etiqueta rosa)

Seleccionado (etiqueta verde)

Identificado (etiqueta amarela)

Como orientación indicar que:

a) Para as especies *Castanea x hybrida* e *Pinus pinaster*, deberá usarse o material da categoría Controlado (CO), salvo autorización expresa para outra categoría.

b) Para as especies *Acer pseudoplatanus*, *Pinus radiata*, *Prunus avium* e *Pseudotsuga menziesii*, deberá usarse o material da categoría Cualificado (CU), salvo autorización expresa para outra categoría.

c) Para calquera outra especie non listada, aplicárase o principio xeral, debendo utilizarse sempre a maior categoría existente.

ii. Ter o etiquetado e o documento provedor expedido polo ente provedor de material forestal de reproducción consonte o establecido no Real decreto 289/2003, do 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reproducción, e a súa modificación recollida no Real decreto 1220/2011, do 5 de setembro.

iii. Os entes provedores de material forestal de reproducción que teñan expedidos ditos documentos provedores, e con sede social en Galicia, deberán ter presentado a Declaración anual de material forestal de reproducción da campaña 2024/2025 mediante o modelo MR621K.

iv. Os entes provedores de material forestal de reproducción que teñan expedidos ditos documentos provedores, deberán acompañar unha declaración responsable na que certifiquen que dito material forestal de reproducción cumpre cos requirimentos establecidos polo Decreto 220/2007, do 15 de novembro, polo que se crea o sistema



(Escribir a dos espacios)

oficial para o control da produción e comercialización dos materiais forestais de reprodución, en materia de calidade exterior.

v. Pasaporte fitosanitario do material forestal de reprodución consonte a lexislación vixente en materia de sanidade vexetal. A produción e a comercialización do material forestal de reprodución poderá proceder de calquera persoa provedora da Unión Europea, salvo que por motivos de sanidade vexetal a consellería competente no medio rural estableza medidas preventivas.

vi. En calquera caso o material forestal de reprodución das especies incluídas no Anexo I do Decreto 220/2007, do 15 de novembro, polo que se crea o sistema oficial para o control da produción e comercialización dos materiais forestais de reprodución, debera axustarse ao establecido no art. 112.4 da Lei 7/2012 do 28 de xuño, de Montes de Galicia.

2. Deberá utilizarse material forestal de reprodución de unidades de admisión incluídas no Rexistro Galego de Materiais de Base, que, ao abeiro do disposto no artigo 112.4 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, deberá ter como orixe a rexión de procedencia en que se inclúa a superficie que se vai repoboar. Excepcionalmente, poderá facerse con material procedente doutras rexións de procedencia, logo de resolución da Administración forestal, publicada no Diario Oficial de Galicia, que autorice a súa utilización, unha vez comprobada a idoneidade e a capacidade de adaptación dese material forestal.

3. As plantas da especie *Populus x interamericana* que se subvencionan son as do clon Raspalje e Unal.

4. Para o caso particular de plantas da especie de *Pinus taeda L.*, o material forestal de reprodución debe ser de orixe francesa da rexión de procedencia PTA 311 Façade Atlantique (Fachada Atlántica Francesa). Poderá empregarse material forestal de reprodución procedente doutras rexións de procedencia previo autorización expresa, limitándose neste caso a superficie a plantar a 1 ha.

O material empregado para a reforestación debe cumprir cos requisitos fitosanitarios vixentes para a comercialización de material forestal de reprodución, incluíndo a presentación do correspondente pasaporte fitosanitario.



ANEXO XI: Instrucións de remisión da información

Anexo XI-A: Condicións técnicas para a redacción do proxecto das actuacións

1. A persoa solicitante deberá presentar un proxecto técnico de reforestación, redactado e asinado por un/ha profesional con titulación universitaria con competencias en materia forestal. Para tal efecto, considérase titulación mínima esixida a de Enxeñaría Técnica Forestal, Grao en Enxeñaría Forestal ou equivalente (MECES 2), sendo igualmente válidas as titulacións de nivel superior, como Enxeñaría de Montes, Máster en Enxeñaría de Montes ou equivalente (MECES 3).

O proxecto técnico con conterá, como mínimo, os seguintes extremos:

- a) Memoria descriptiva: que conterá como mínimo
 - a) Obxecto do proxecto e promotor
 - b) Estado legal do predio obxecto de solicitude de axuda: superficie, localización, estremeiros e accesos. Situación e localización da actuación (referencia catastral, concello, referencia SIXPAC).
 - c) Antecedentes: historial do uso forestal (especie antes da corta, densidades, marco de plantación, etc), datos da corta (número de declaración responsable ou autorización, prazo que tiña para realizar a corta incluído a concesión de prorroga para executar a corta, datas nas que se fixo a corta, especie, etc), etc
 - d) Superficie obxecto de solicitude, coutos redondos. De existir, descrición elementos singulares de tipo xeolóxico, edáfico, botánico, faunístico, histórico e paisaxístico e medidas adoptadas segundo a lexislación sectorial aplicable.
 - e) Nomeamento do director de obra: a dirección de será realizada por un/ha profesional con titulación universitaria con competencias en materia forestal. Para tal efecto, considérase titulación mínima esixida a de Enxeñaría Técnica Forestal, Grao en Enxeñaría Forestal ou equivalente (MECES 2), sendo igualmente válidas as titulacións de nivel superior, como Enxeñaría de Montes, Máster en Enxeñaría de Montes ou equivalente (MECES 3).
- b) Descrición técnica das actuacións: preparación do terreo, especie de reforestación, marco de plantación, densidade de plantación, tipo de planta, xustificación do cambio de especie de forestación (de ser o caso), etc
- c) Informes sectoriais:
 - a) Afeccións: indicar segundo o visor <http://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos/> se



(Escribir a dos espacios)

existe algunha afección, de que afección se trata e localización das parcelas afectadas.

- b) Avaliación ambiental: o proxecto deberá incorporar unha xustificación motivada sobre a súa suxeición ou non ao procedemento de avaliación ambiental, segundo o establecido na Lei 21/2023, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, así como na restante normativa que resulte de aplicación.
- d) Valoración económica da axuda: contía da subvención solicitada segundo a superficie de actuación e o importe do módulo de concesión e xustificación seleccionado (anexo VII).
- e) Cartografía: planos sobre mapas oficiais. A planimetría presentarse xeorreferenciada en coordenadas UTM, fuso 29 N, con referencia ao datum ETRS89 (EPSG 25829), e terá que ser achegada en soporte dixital e vectorial (segundo o establecido neste anexo), no formato shape (arquivos, dbf, shp, shx e prj), obtido a partir dun plano de escala mínima 1:10.000, e preferentemente 1:5.000. Indicarase claramente o ano do SIXPAC respecto do cal se toman os datos. No caso de instrumento de ordenación indicarse a planificación dividido por cuarteis e unidades de ordenación e o modelo de adhesión e, de existir, os cantóns e mouteiras de ordenación. Ademais, tamén se presentará os planos en formato pdf.
- f) Estudo básico de seguridade e saúde.
- g) Prego de condicións técnicas particulares: de acordo coas normas de redacción de proxectos.

Anexo XI-B: Instrucións de remisión da información do proxecto en soporte dixital e vectorial

E co fin de asegurar unha homoxeneidade na información vectorial subministrada, detállase a continuación o modelo de datos e codificación alfanumérica das entidades vectoriais (polígonos) que deberán figurar nos arquivos que se van entregar:

Formato: Shapefile (a información subministrarse nos arquivos que compoñen o formato shapefile). Ademais, dos arquivos dbf, shp, shx, é necesario o arquivo coa extensión «prj», coa información do sistema de referencia, que comprobarase para ver que se corresponde co ETRS89 en coordenadas UTM sobre o fuso 29N (EPSG 25829).

Nome do arquivo: coincidente co código completo do expediente de axudas coa separación do ano mediante guión baixo (nos arquivos do shapefile) no caso de non ter o número de expediente de axudas poñerase o NIF do solicitante, sen letra e o ano. Exemplo:



32150001_2025/99999999_2025.

Datum e proxección: ETRS89 en coordenadas UTM sobre o fuso 29N (EPSG 25829).

Sixpac: no proxecto técnico indicárase o ano do Sixpac respecto do cal se toman os datos que figuran no proxecto: 2025, ...

Información alfanumérica asociada ás entidades vectoriais:

Táboa: descrición detallada da información alfanumérica asociada ás entidades vectoriais.

Nome do campo	Características	Observacións
Cod	Numérico enteiro (curto) de tres caracteres	Serán números correlativos comezando polo 1.
Sub_Cod	Numérico enteiro (curto) de tres caracteres	Segundo os subrecintos nos que se divida un recinto ao ter diferentes tipos de traballo. Serán: 0→ningún, 1→un, 2→dous,...
Cod_exp	Alfanumérico (texto/cadea de caracteres/string) de 13 caracteres	Código completo do expediente de axudas (ou do NIF se non hai nº de expediente). Exemplo: 30150001_2025 (co guión baixo)/33333333_2025.
Prov	Numérico enteiro (curto) de dous caracteres	Segundo o Sixpac. Exemplo: provincia A Coruña→15.
Conc	Numérico enteiro (longo) de cinco caracteres	Segundo o Sixpac. Lémbrese que deberá ser «prov+conc». Exemplo: provincia A Coruña (15), concello Carballo (19)→15019
Agreg	Numérico enteiro (curto) de tres caracteres	Segundo o Sixpac.
Zona	Numérico enteiro (curto) de tres caracteres	Segundo o Sixpac.
Polig	Numérico enteiro (longo) de seis caracteres	Segundo o Sixpac.
Parc	Numérico enteiro (longo) de seis caracteres	Segundo o Sixpac.
Recin	Numérico enteiro (longo) de seis caracteres	Segundo o Sixpac.
REFCAT	Alfanumérico (texto/cadea de caracteres/string) de 14 caracteres	Código da referencia catastral obtida da Sede electrónica do Catastro.
Sup_Tot	Numérico (dobre) de dez caracteres con 2 decimais	Superficie total do recinto segundo o Sixpac, en hectáreas redondeadas a dous decimais.
Uso	Alfanumérico (texto/cadea de caracteres/string) de 3 caracteres	Segundo o Sixpac, en maiúsculas (FO, PR, PA,...).
Sup_Act	Numérico (dobre) de dez caracteres e ata 2 decimais	Superficie de actuación no recinto, que deberá coincidir coa súa intersección co Sixpac, en hectáreas redondeadas a dous decimais.
Mouteira	Alfanumérico (texto/cadea de caracteres/string) de 3	Identificación da mouteira a que pertence o recinto: 1, 2,... (posibilidade de incluír letras, nunca acentuadas).



(Escribir a dos espacios)

Nome do campo	Características	Observacións
	caracteres	
Modulo	Alfanumérico (texto/cadea de caracteres/string) de 10 caracteres	Módulo de concesión/xustificación segundo Anexo VII: LI-A, LII-B, CHOP, ...
Cod_sp antes corta	Alfanumérico (texto/cadea de caracteres/string) de 3 caracteres	Código segundo o Anexo VIII da orde. No caso de ser Eucalyptus sp porase EU
Cod_sp	Alfanumérico (texto/cadea de caracteres/string) de 3 caracteres	Código segundo o Anexo VIII da orde.
Densidade	Alfanumérico (texto/cadea de caracteres/string) de 1 caracter	Para a liña I cubrirase da seguinte maneira: "LI-A" --> densidades igual ou superior a 1300 pés/ha "LI-B" --> densidade igual ou superior a 1000 pés/ha e menor a 1300 pés/ha "LI-C" --> densidade igual ou superior a 850 pés/ha e menor a 1000 pés/ha "LI-D"--> xestión rexenerado natural tras corta de masas de coníferas Para a liña II cubrirase da seguinte maneira: "LII-A" --> densidades igual ou superior a 1000 pés/ha "LII-B" --> densidade igual ou superior a 50 pés/ha e menor ou igual a 150 pés/ha "LII-C" --> Plantacións mixtas de frondosas e coníferas cunha densidade igual ou superior a 1000 pés/ha Para a Liña III cubrirase da seguinte maneira: "CHOP" --> densidade igual ou superior a 250 pés/ha e menor ou igual a 300 pés/ha

Nos casos que non exista valor para o campo poñerase «0» ou «---», sempre que o admita.

(Escribir a dos espacios)

ANEXO XII: Paneis e placas



Nota: o logotipo da empresa executora pódese incluír pero non pode estar ao carón do logo da Unión Europea.

Dimensións aproximadas do panel: A3 (altura 297 mm, longo 420 mm).

As placas serán de material resistente (ríxido ou semirríxido), non sendo admisibles a simple impresión en papel.

Ten que localizarse nun lugar visible no terreo obxecto de actuación.

Publicación en medios de comunicación ou soporte dixital.

No suposto de publicidade en medios de comunicación deberá incluírse:



Cofinanciado
pola Unión
Europea

